



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
LABORAL**LOITA**  
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 800 Semana do 24 ao 30 de setembro de 2018

## MOBILIZACIÓNS O DÍA 2 NAS CIDADES E VILAS GALEGAS PARA DEMANDAR CONDICIÓN DE VIDA DIGNAS PARA AS PERSOAS MAIORES

**Redacción.-** A UXP de UGT-Galicia, xunto coa federación homóloga de CCOO, convocan concentracións en toda Galicia o vindeiro martes, día 2, con motivo da celebración do Día Internacional do Maior, para reclamar condicións de vida dignas para este colectivo.

Concretamente, o día 2 están convocadas concentracións en A Coruña (Obelisco) ás 12.00 horas; Ferrol (Praza de España) ás 12.00 horas; Santiago (Praza do Toural) ás 12.00 horas; Lugo (Subdelegación do Goberno) ás 12.30 horas; Viveiro (Praza Maior) ás 12.00 horas; Ourense (INSS) ás 11.30 horas; Pontevedra (Subdelegación do Goberno) ás 12.00 horas; e Vigo (Porto do Sol-O Sireno) ás 12.00 horas.

Os pensionistas e xubilados de UGT nos últimos anos xa veñen denunciando que as medidas que se tomaban para saír da crise non eran as idóneas e que afectaban dun xeito máis incisivo, negativamente, a unha parte moi maioritaria de poboación, entre a que se inclúen as persoas maiores.

Estes recortes impostos conduciron a situacións certamente difíciles para os máis maiores, por todo elo, a UXP-UGT considera que chegou a hora de reclamar que se chegue a un acordo na Comisión do Pacto de Toledo para que se poñan en marcha as medidas necesarias para garantir a sostibilidade e viabilidade do sistema público de pensións, tal e como se viña facendo dende 1995 con moi bos resultados.

Tamén se esixe unha prestación de ingresos mínimos co obxecto de mellorar unha lagoa moi concreta e ampla que hoxe ten o sistema de protección social, pois non está deseñado para protexer a quenes nunca tiveron emprego e o buscan e os parados de longa duración.

Con estas mobilizacións vaise reivindicar a derogación das reformas e o freo aos recortes que se están levando en materia sanitaria. Neste senso, urxe eliminar os copagos para os colectivos máis desfavorecidos.

Hai que potenciar os servizos de saúde pública, pois son esenciais no desenvolvemento de calquera sistema de saúde, na prevención de enfermidades, fomentando o autocoidado.

En materia de dependencia, o reto sitúase na garantía de atención cunha prestación efectiva aos 400.000 dependentes que aínda non están protexidos. Tras máis de dez anos da posta en marcha da Lei de Dependencia, non cabe pospoñer por máis tempo a súa completa implantación, de modo que se garanta a atención aos preto de 1,3 millóns de persoas para os que foi desenhado o sistema.

A loita contra a desigualdade e a pobreza tamén debe ser a prioridade que guíe as decisións económicas e laborais. Aínda hai 1,5 millóns de persoas paradas que están excluídas do sistema de protección por desemprego. Isto xera pobreza e exclusión.

A pobreza enerxética tamén demanda xa de medidas eficaces, cun auténtico bono social que garanta o suministro básico de enerxía a todos os fogares e impida os cortes de suministro. Urxe un tipo super reducido de IVE para todos os bens e servizos vinculados á alimentación e enerxía.

Chegou o momento de que as políticas sociais cumpran co seu obxectivo final, o de axudar aos colectivos máis necesita-

dos e cubrir as súas necesidades básicas, social, alimentación, sanidade e vivenda, entre outras.

Ante estas necesidades, os pensionistas e xubilados de UGT continuarán traballando para esixir un cambio de orientación na política económica e social para facer posible un aumento da protección social, reducir o empobrecemento e garantir mellores condicións de vida para as persoas maiores.

Por todo isto, a UXP de UGT-Galicia fai un chamamento á cidadanía galega a participar nas concentracións convocadas para este día 2 porque as demandas que se propoñen nos afectan a todos como sociedade.

**MÁIS QUE O IPC**  
**Pensións Dignas**  
**Lei de Dependencia**  
**¡MOBILÍZATE!**  
**2 de outubro**

CONCENTRACIÓNS DÍA 2 DE OUTUBRO		
CIDADE	LUGAR	HORA
A CORUÑA	OBELISCO	12:00
FERROL	PRAZA DE ESPAÑA -Edif. Xunta	12:00
SANTIAGO	PRAZA DO TOURAL	12:00
LUGO	SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO	12:30
VIVEIRO	PRAZA MAIOR	12:00
OURENSE	Rúa Concejo. INSS	11:30
PONTEVEDRA	SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO	12:00
VIGO	PORTA DO SOL-O SIRENO	12:00

**ACODE!!!**

## UGT RECLAMA MAIOR SEGURIDADE NOS CENTROS DE TRABALLO DO SECTOR FERROVIARIO

**Redacción.-** O pasado martes na praza da estación de ferrocarril de Ourense, do mesmo xeito que noutras capitais de provincia do resto de España, UGT convocou unha concentración como símbolo de protesta e rexeitamento ás agresións que están a sufrir a diario traballadores e traballadoras das diferentes empresas do sector ferroviario.

Os actos violentos, verbais e físicos medran día tras día na súa actividade laboral, afectando tamén á súa contorna.

As traballadoras, en maior medida, son as máis expostas a ataques externos ao sumarse actitudes machistas que teñen que ser censuradas xa polo conxunto da sociedade e que o Sindicato seguirá denun-



ciando e contra as que seguirá loitando.

UGT apunta á necesidade de crear un protocolo básico de prevención e actuación ante agresións externas para rematar con estas situacións denuncia-

das a diario polos traballadores das empresas públicas e privadas do sector ferroviario. O Sindicato avisa que as denuncias e mobilizacións continuarán mentres os traballadores e traballadoras sexa vítimas desta situación.

## MAPA DA DESIGUALDADE SALARIAL NA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

**Redacción.-** O sector AXE de FeSP-UGT elaborou un informe que reflicte detalladamente as desigualdades salariais que existen na Administración xeral do Estado. Excluindo ás forzas armadas e aos corpos de Seguridade do Estado, a AXE conta cuns 202.000 traballadores e traballadoras. Carlos Álvarez explicou en rolda de prensa todos os pormenores das desigualdades observadas no sector.

A AXE caracterizouse sempre por ser a Administración pública que peor retribúe aos seus traballadores; ademais as desigualdades danse a varias escalas. Por exemplo, na Administración de Xustiza existen grandes diferenzas entre os salarios do persoal transferido ás comunidades autónomas e o pertencente ao Ministerio.

Tamén dentro da propia Administración xeral do Estado, é dicir, entre o persoal que traballa nos diferentes ministerios, atópanse brechas salariais moi significativas. Os fluxos que se observan nos concursos de traslados certifican cales son os menos atractivos (do Ministerio de Defensa foxe o persoal).

Os desequilibrios danse mesmo dentro do mesmo organismo: nas institucións penais o complemento específico vai ligado ao propio centro de

traballo; existe unha clasificación que data de 1989 e que agrupa as prisións de España en nove categorías diferentes en función da estrutura arquitectónica de cada cárcere. "Necesitaríanse 160 millóns de euros para paliar a discriminación que padecen uns 20.000 traballadores de prisións".

Carlos Álvarez, secretario federal do sector AXE de UGT afirmou que a desigualdade máis grave de todas é a que se produce en función do réxime contractual (laboral, funcionario ou estatutario). Existe unha diferenza significativa entre as retribucións medias do persoal funcionario e laboral no ámbito da Administración xeral do Estado para categorías profesionais equivalentes. "14.000 traballadores da AXE sofren esta inxustiza, xa que se trata de corpos idénticos".

Álvarez insistiu nas tres reivindicacións que expón UGT á Administra-



ción: en primeiro lugar, a homologación salarial entre laborais e funcionarios. "Actualmente estase negociando xa o IV Convenio Único". En segundo lugar, a subida lineal de 200 euros para 200.000 traballadores, que é unha reivindicación conxunta con outros sindicatos, reflectida en campañas de mobilizacións durante 2018. O voceiro de UGT sinala como terceira reivindicación o desenvolvemento da Lei de Función pública co establecemento da carreira profesional. "Neste punto o EBEP xa se desenvolveu en todas as comunidades autónomas e con todo na AXE aínda non se iniciou a negociación".

**PEPE ÁLVAREZ DI QUE, SE AO FINAL MATERIALÍZASE, SERÍA “GRAZAS, EN PRIMEIRO LUGAR, AOS PENSIONISTAS E ORGANIZACIÓNS SINDICAIS DESTE PAÍS”**

## CAUTELA ATA VINCULAR PENSÍONS E IPC POR LEI

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, considera “positivo” o principio de acordo na Comisión do Pacto de Toledo de vincular as pensións ao IPC para revalorizar o seu poder adquisitivo. Con todo, mostra a súa “cautela” porque “ten que aprobarse este acordo, de maneira definitiva, nesta Comisión, que aínda ten algúns puntos non menos importantes como a eliminación do factor de sustentabilidade”.

Álvarez sinalou que “para que finalmente estea nun proxecto de lei, ten que pasar polo pacto social tamén. Por tanto, nun país cunha conxuntura política tan complexa, esperaremos a celebralo cando

estea concretado nunha lei e publicada no BOE”.

En calquera caso, Pepe Álvarez considera que, se ao final se materializa, sería “grazas, en primeiro lugar, aos pensionistas e organizacións sindicais deste país, que estivemos loitando por revertir esta medida do anterior Goberno; e despois, grazas aos grupos parlamentarios que mantiveron unha posición desde o principio moi incisiva nesta materia”.

“É un dos primeiros logros e unha das primeiras medidas do anterior Goberno



que conseguimos revertir. Que nos devolvan o que nunca nos terían que quitar. Este acordo vén a anular a decisión unilateral do Goberno do PP en 2013”, manifestou.

## UGT DENUNCIA A PRECARIIDADE ESTRUCTURAL DO TURISMO EN ESPAÑA

**Redacción.-** No Día Mundial do Turismo, que se celebrou este xoves, a Unión Xeral de Traballadores reclama un modelo turístico sustentable e de calidade, que reconduza a situación actual do sector turístico que, debido á masificación e a aposta por modelos baixo custo, está marcada pola explotación laboral, a fraude fiscal, a degradación das contornas urbanas e a sobreexplotación dos espazos naturais.

Para o Sindicato, é preciso un cambio de políticas, xa que non se trata de contabilizar, simplemente, cantas persoas visitan o noso país, senón que é o que achegan. Esta situación ten un impacto directo e negativo sobre a calidade dos servizos e o empobrecemento da actividade turística. A sobreesaturación e a aglomeración xeraron danos no benestar e a convivencia en determinadas pooboacións.

Hai case dous anos que UGT, coa campaña “A Cara B do Turismo”, conxuntamente con outras organizacións do sector, denunciou o esgotamento do noso modelo turístico e o modelo de explotación laboral sobre o que se sostén. Desde entón e ata hoxe, a situación non mellora: aínda que o gasto medio por turista rexistrou unha alza interanual do 9,2%, produciuse unha caída na chegada de turistas do 4,9% (xullo 2018).

O sector turístico, con achegas esenciais ao noso PIB, non pode sosterse sobre unha progresiva precarización das condicións de traballo dos profesionais do sector, como consecuencia da reforma laboral, a rebaixa das condicións sociais a través da externalización de actividades e das empresas multiservizos e os contratos a tempo parcial de moi curta du-



ración; o incremento da temporalidade co acortamento das aperturas de hoteis de tempada, a sobrecarga de traballo e o abuso e aumento dos riscos para a saúde.

UGT aposta por desenvolver un cambio de modelo, unha estratexia turística común, a través dunha reconversión integral do sector con implicación das administracións públicas, e desde o diálogo social, cambiando o actual modelo de sol, praia e lecer a baixos prezos, que dá evidentes síntomas de esgotamento, e substituílo por outro no que prime un turismo de calidade, de alto valor engadido, desestacionalizado, que faga uso eficiente e eficaz das novas tecnoloxías e que aposte pola formación dos seus traballadores e traballadoras a mellora das condicións laborais.

### Neste sentido, é necesario:

Potenciar elementos como o patrimonio cultural e histórico do noso país, a paisaxe, a biodiversidade ou a gastronomía.

Impulsar a estabilidade laboral dos traballadores e traballadoras do sector turístico mediante unha interrelación eficaz e efectiva das diferentes modalidades de turismo (sol e

praia, cultural, verde, activo e turismo enfocado á diversidade funcional) que favoreza a profesionalización nun marco de ruptura da estacionalidade.

Repercutir beneficios empresariais en incrementos salariais dos traballadores e traballadoras do sector. Un traballador motivado é un traballador xustamente remunerado.

Investimento real en formación de traballadores que achegue calidade e cualificación ao propio sector. Potenciar, entre outras, a figura do traballador fixo discontinuo, que combina a temporalidade do sector coas garantías xurídicas de continuidade no emprego.

Desterrar a cultura da externalización de servizos como vía para a precarización das condicións laborais.

Sen renunciar ao turismo de sol e praia, pois temos gran experiencia e percorrido neste segmento, o sector debe diversificarse con propostas de calidade que ofrezan outras alternativas: culturais, gastronómicas, rurais, organización eventos... É dicir, captación de novos nichos de mercado que xeren unha maior afluencia de turistas (e con outros perfís) e un incremento nos ingresos.

## POR UNHA NOVA LEI DE UNIVERSIDADES

**Redacción.-** UGT, representada polos responsables do sector de Ensino e do Sindicato de Universidade e Investigación, asistiu á presentación, no Congreso dos Deputados, do comunicado "Por unha Nova Lei de Universidades". Un documento subscrito polo noso sindicato, o presidente da CRUE, o presidente da Conferencia de Consellos Sociais, os presidentes de CEOE, CEPYME e o da Cámara de Comercio Española, así como por representantes dos estudantes e doutros sindicatos do sector.

O sindicato considera que a nova lei debe contar cun financiamento adecuado e unha autonomía constatable e con controis efectivos. Así mesmo, considera que se deben mellorar as condicións laborais das traballadoras e os traballadores da Universidade e poñer fin aos recortes económicos e sociais sufridos nos últimos anos.



## ESPAÑA, ÚNICO PAÍS DE EUROPA QUE PERDE EMPREGO TECNOLÓXICO

**Redacción.-** A publicación por parte do INE da Enquisa de uso TIC e Comercio Electrónico nas empresas, correspondente a 2018, volve confirmar o atraso que sofre o tecido empresarial español en termos dixitais.

A perda de emprego tecnolóxico, o emprego do futuro, acumula un 7% desde 2015, reducíndose un 3% só no último exercicio. Unha tendencia que vai en contra das necesidades económicas e do progreso social que necesita o noso país. Trátase da traectoria que vai en contra do progreso e da competitividade do noso tecido produtivo. España é o único país europeo que perde emprego tecnolóxico. Se falamos das pequenas empresas, o panorama aínda é peor: só un 3% contrata a especialistas dixitais.

Mentres esta tendencia de destrución de emprego TIC se reforza, ano a ano, as empresas cada vez empregan máis tecnoloxías substitutivas de emprego, como a robótica (un 11% xa as teñen implementadas nos seus procesos), a impresión 3D (un 3,2%) ou o Big Data (antesala da automatización de procesos e que aumentou un 4% nun só ano, ata o 11% de empresas que confesan o seu uso habitual). Por tanto, e á vista destes datos, conclúese que as empresas están a comezar xa a substituír a persoas por novas tecnoloxías, ou que o suposto aumento de emprego tecnolóxico á calor das novas tecnoloxías non está a suceder.

### Exclusión da muller nas contornas tecnolóxicas

Ademais, a fortísima masculinización do colectivo de especialistas TIC tende a reforzarse en cada exercicio: só o 9,6% das empresas empregan mulleres especialistas TIC, un punto menos que en 2017. Atopar empresas con paridade neste tipo de em-

prego dixital é case imposible: só un 6% teñen persoal TIC con equilibrio entre home e mulleres. Estes datos confirman a exclusión que vive a muller nas contornas tecnolóxicas, tal e como denunciou UGT recentemente no seu informe Muller e Tecnoloxía. Un país que queira conquistar o futuro non pode permitirse semellante desperdicio de talento.

### Máis formación en TIC

Esta perda de emprego podería compensarse coa formación interna en novas tecnoloxías, pero os datos desmenten esta posibilidade: cada vez impártese menos formación en TIC e só a executan un 22,5% das compañías españolas. No caso das microempresas (>10 empregados), esta formación é practicamente inexistente: 2%.

Outra das evidencias que presenta o INE é as poucas dificultades que atopan as empresas que necesitan persoal formado en novas tecnoloxías. Así, e a pesar do que se afirma por parte de moitos empresarios, só o 3% das empresas tiveron algunha dificultade para cubrir algunha vacante de especialista en TIC, un dato coherente coa destrución deste tipo de emprego. Só no caso de grandes empresas, de máis de 250 traballadores, evidénciase algunha problemática puntual (un 16% manifesta problemas para atopar talento dixital).

### A fenda dixital continúa

Os traballadores españois seguen sufrindo unha fenda dixital insoportable e indigna dun país moderno: case a metade nunca usa Internet no seu posto de traballo, unha cifra practicamente inamovible desde 2015. E iso que case o 100% das compañías españolas confesan ter conexión a In-



ternet.

En resumo: cada vez hai menos especialistas TIC no noso tecido produtivo, cada vez impártese menos formación dixital nas empresas, e a pesar do que afirmen algunhas compañías, é anecdótico o número de empresas que teñen dificultades para atopar talento dixital. Mentres tanto, as compañías aceleran o seu proceso de transformación dixital implementando nas súas cadeas de valor tecnoloxías que poden substituír profesións enteiras e reducir o volume de emprego.

UGT advirte que non permanecerá impasible ante esta tendencia que aumenta ano a ano. A mera substitución de emprego por tecnoloxía, non significa progreso nin prosperidade. Neste sentido, o sindicato insta a acompañar a transformación dixital de medidas sociais, contundentes e de futuro, para conformar unha sociedade inclusiva e xusta que non deixe a ninguén atrás. A redistribución da riqueza, a redución das xornadas laborais, a adaptación dos traballadores e traballadoras mediante formación profesional continua ou a reforma dos sistemas educativos deben ser temas a tratar no marco do diálogo social, a nivel bipartito e tripartito. O contrario significará un fracaso colectivo que UGT non vai permitir.

A Unión Xeral de Traballadores asinou, o pasado 3 de setembro, un acordo con Google para formar ás traballadoras e ós traballadores en competencias dixitais e mellorar a súa empregabilidade.

## A AXENDA SOCIAL, UNHA PRIORIDADE

**Redacción..-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que o sindicato “vai traballar para que os temas da axenda social, dos dereitos das persoas, sexan o elemento fundamental de debate no noso país. É máis fácil falar de máster que de pensións, de plaxios que do aumento dos salarios. Pero a xente xa non pode esperar máis. Non hai tempo para deixar de lado os salarios, que teñen que crecer de maneira inmediata”.

Pepe Álvarez tamén sinalou que “encaramos o 2018 coa perspectiva e vontade de facer posible que os temas que son transcendentais para a maioría da sociedade sexan os elementos centrais do debate político, social e mediático do noso país”.

### Máis democracia no Parlamento

Neste sentido, esixiu máis democracia aos nosos políticos. “A Mesa do Congreso debe limitarse ás súas competencias, a de facer de órgano neutral que canaliza e ordena os debates parlamentarios. A Mesa non é o Goberno nin o Tribunal Constitucional. Paréceme pouco democrático que a Mesa tome decisións que contan cunha posición contraria do pleno do Congreso”.

“Os que se fardan cada día de falar de democracia e tachar a todo o mundo de pouco democrata ou de bolivariano”, considera, “vexan se iso é normal nun país democrático. Que a Mesa, reiteradamente, impida que as proposicións, cun soporte maioritario do pleno, queden aparcadas non é normal, como sucede coa nosa Iniciativa Lexislativa Popular ( ILP) para unha prestación de ingresos mínimos, que continúa durmindo nas pavías dos xustos, cando hai unha maioría parlamentaria que lle deu saída mentres a Mesa foino atrasando”.

### O Goberno debe gobernar por decreto

Por iso, o secretario xeral de UGT reclamou ao Goberno que “gobere por decreto. Non é ningunha falta democrática porque logo válidanse no pleno do congreso. Pero isto impide que a mesa lle dea voltas e máis voltas. En relación ás reformas laborais, deberíamos situar os elementos de acordo maioritario por decreto lei. Porque, senón, perderemos moito tempo ou non chegaremos”.

Neste sentido, reclamou “a derogación das reformas laborais. Pero plenamente non se poderá realizar, así que será bo coller os elementos que teñen que ver coa negociación colectiva, coa fraude na contratación, e actuar. Imos expor unha batería de medidas

para poñer fin a situacións de ilegalidade ou de legalidade que a consecuencia final sexa que pague o traballador ou traballadora sempre”.

### Se CEOE segue bloqueando convenios, iremos ao Goberno para subir os salarios

En relación ao aumento dos salarios, lembrou que “se a idea de CEOE de bloquear os convenios crece, verémonos obrigados a pedir ao Goberno que adiante a data de aplicación do acordo para a subida do Salario Mínimo Interprofesional (SMI), que nos ten que levar aos 14.000 euros anuais. Se os convenios non empezan a fluír, crecerá a conflictividade laboral e nós iremos ao Goberno a que adiante o acordo”.

“Non hai ningunha razón para que ningún traballador deste país gañe menos de 1.000 euros. O din os organismos nacionais e os internacionais”, sinalou.

### Pacto de Estado por unha transición xusta

O secretario xeral de UGT reclamou “unha transición xusta do noso sistema enerxético. Non se pode limitar a facer o que se fixo no pasado, que non funcionou. Os recursos para a reindustrialización teñen que visualizarse na creación de emprego estable durante o mesmo proceso que se fan os cambios. Non imos aceptar que os recursos se destinen a construír pavilións municipais, que está moi ben, pero hai que destinar recursos para crear emprego no mesmo momento ou antes de que se produzan medidas de peche”.

“A transición xusta quere dicir que as tarifas non impidan que os cidadáns e cidadás continúen tendo a luz como un artigo de luxo. Se ademais dos incrementos inxustificables dos prezos arruínase ás persoas, terá consecuencias negativas para a industria”.

Ademais, manifestou que o sindicato “non cre que sexa necesaria a descarbonización nos termos nos que se están expondo. Se en Alemaña este proceso non se vai a realizar ata 2050, por que en España témolo que adiantar nesta maneira, cando somos un país energeticamente dependente. É unha cuestión dun Goberno, non dun Ministerio. É o momento de falar claro, de non deixarnos levar por modas que non está tan claro que leven un efecto tan positivo. Quereamos un país de enerxías limpas”.



### A sentenza a Villa é un acto de xustiza con UGT

Preguntado pola sentenza condenatoria ao ex secretario xeral de SOMA- FITAG-UGT, José Ángel Fernández Villa, Pepe Álvarez afirmou que “me parece moi razoable o tempo no que temos a sentenza. As sentenzas son máis xustas canto antes veñen. O que pon de manifesto é ata que punto SOMA- FITAG-UGT puxo todo o necesario para que este señor sexa condenado. UGT era a parte prexudicada e é quen achegou a proba para que fose condenado”.

“Que o tribunal nos dera a razón e o obrigue a reintegrarnos o 100% do que esixiramos paréceme que é un acto de xustiza, porque o expomos xustificante a xustificante”, sinalou.

### A Unión Xeral de Traballadores crece

Pepe Álvarez expuxo tamén os datos das eleccións sindicais ata a data, que mostran unha “mellora clara da nosa representatividade entre os traballadores e traballadoras. Crecemos nas eleccións sindicais. En 2017 eliximos máis delegados e delegadas no Estado do que o faciamos en 2013. Ademais, UGT, a nivel estatal, por primeira vez en 11 anos, gañou as eleccións sindicais en 2017”.

Tamén “crecemos en afiliación sindical. En 2017, déronse de alta no sindicato preto de 79.000 mil persoas. E en 2018, imos situarnos por arriba das 90.000 persoas que se dan de alta no sindicato no conxunto do Estado”.

Por iso, “estamos satisfeitos, pero temos que crecer máis. Nun momento como o actual, despois duns anos que non foron fáciles pola perda de emprego destes anos, convén sinalar que UGT está nunha situación de recuperación da afiliación e representatividade”.